

## Concello de Viveiro

EXPTE.- 3660/2021

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía, de data 09 de xuño de 2022, relativo a Convocatoria para a selección de persoal laboral temporal **DE CINCO OFICIAIS**, para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, ao abeiro da Orde do 07 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2022, con número de expediente: 1056/2022.

Vistas as Bases Xerais, os seus anexos e as Bases Específicas polas que se establecen as normas para a selección de persoal en situación ou risco de exclusión social perceptoras da risga, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro.

Vista a Oferta de Emprego con n.º 12-2022-6657 do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

Vista a base xeral 8.1, que sinala "(...) Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederáse por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional de admitidos e excluídos, que será aprobada pola Alcaldía.

*A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.*

*Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión...*

Vista a base xeral 8.2, que sinala "(...)No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva..."

### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte **lista provisional e definitiva de admitidos e excluídos:**

#### A) ADMITIDOS:

Nº	Apelidos e Nome
1	BARROS LORENZO MARÍA AURORA
2	BARRUL JIMENEZ MARIA DEL MAR
3	BONUCCI DE LYON BETTY NARCISA
4	CAAMAÑO YANIRIS EVELYN
5	FLORES BELLAS DANIELA CARMEN
6	GONZÁLEZ GONZÁLEZ DOMINGA GERMANI
7	JIMENEZ GABARRE SUSANA
8	LAGOS RAMIREZ ALINXON CARMEN
9	MARTINEZ GONZALEZ ARIEL
10	MONTOYA MANZANO ARTURO ANDRES
11	MONTOYA MONTEIRO VICENTE
12	RODRÍGUEZ CORTIÑA YOLANDA



## Concello de Viveiro

---

13	SANCHEZ PEREZ SALVADOR
14	VERAS DE MOREL MIRIAM DE JESUS

No caso de que na lista provisional non resulte excluído ningún aspirante, aprobarase esta lista con carácter de lista definitiva.

Contra a lista definitiva, os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante da Alcaldía no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Contra as decisións adoptadas polo Tribunal de selección caberá a interposición de recurso de alzada ante a Alcaldía, (órgano que nomea ao referido Tribunal), segundo o disposto no artigo 121 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Mándoo e asínoo en Viveiro, á data que consta á marxe.

O Alcalde en funcións, por Decreto  
de Alcaldía de data 17/06/2022

Ante mín, A Secretario, ós efectos do artigo 3.2  
do Real Decreto 128/2018.

Jesús Fernández Fernández

María Luz Balsa Rábade

**(Documento asinado dixitalmente á marxe)**

